



Achegámonos á Xela Arias máis comprometida e inconformista, a que tomou a palabra para defender a paz, o medio ambiente ou a igualdade entre mulleres e homes. Como deixou escrito no poema "Revolta", quedar calada diante da inxustiza non era unha opción. Sempre levou nas mans unha presiña de area para deixarnos un mundo un pouco mellor.

(...) *Ándanme as mans sempre facendo praias
imposibles; pode ser de non medrar (...)*

Sempre. Conmemorações populares 25 de abril. (1986)

ACTIVIDADE

"Non me preocupan os berros dos violentos, dos corruptos, dos deshonestos... O que máis me preocupa é o silencio dos bos".



De térense coñecido, Xela Arias concordaría co autor da cita anterior: Martin Luther King (1929-1968), un dos máis coñecidos activistas en contra do racismo. Investigade sobre a vida e obra deste home que en 1964 recibiu o Premio Nobel da Paz.

Segundo o *Libro Guinness*, o documento máis traducido do mundo é a Declaración Universal dos Dereitos Humanos: está escrito en máis de 500 idiomas! O primeiro artigo afirma:

Todos os seres humanos nacen libres e iguais en dignidade e dereitos e, dotados como están de razón e conciencia, débense comportar fraternalmente uns cos outros.



No mesmo texto, aprobado en 1948 por todos os países que conforman a Asemblea Xeral das Nacións Unidas, sinálase que as persoas temos os mesmos dereitos e liberdades, sen importar a cor da nosa pel, o sexo, o idioma que falamos ou as nosas opinións.

Que é o feminismo?

Doutrina que defende a igualdade de dereitos entre o home e a muller.



Como defensora das causas xustas que era, Xela Arias foi unha autora comprometida cos dereitos da muller e dende moi moza apoiou activamente o movemento feminista. En 1991, nun encontro de escritoras e escritores galegos e portugueses, afirmaba que a escrita era para ela un acto de liberdade que exercía sen pensar en que era unha muller, como tampouco pensaba ao sentar diante dun papel que era miope e galega. Pero deseguido tamén recoñecía que só podía escribir como muller, miope e galega, e advertía que quedaba un longo camiño por percorrer para acadar a igualdade. Co seu exemplo axudou a abrílles o camiño a moitas autoras que hoxe fan aínda máis grande a nosa literatura.

En marzo de 2003 comezou a guerra de Iraq, un país de Oriente Medio. Canda moitas outras persoas, Xela Arias non dubidou en saír á rúa para dicir non á guerra. Dous anos antes, neste poema titulado "Soldados" xa deixaba claro o seu compromiso coa paz, esa revolución sempre necesaria.

*"(...) Abrázome noutra revolución pendente.
Non vou ser soldado.
Poño a man
e cáenme milleiros de causas comúns polos dedos estirados."*

Festa da Palabra Silenciada 16 (2001)



Mais Xela Arias tamén se preocupou das vítimas da violencia máis inocentes. En 1993 escribiálles estes versos aos nenos e nenas de Palestina, que sofren as consecuencias dun conflito que xa dura moitas décadas:




"(...) É increíble, mesmo se mantén a casa que habitas derrubada de sombras inexistentes no sol de poeira que percibes."

"Intifada". Zurgai. Revista de poesía (1993)

En novembro de 2002, un petroleiro, o *Prestige*, afundiuse fronte ás costas galegas. O buque verteu a carga ao mar e provocou un dos maiores desastres ambientais da nosa historia. Centos de milleiros de persoas saíron ás rúas para berrar que *Nunca Máis* se debía repetir unha traxedia así, que era necesario tomar medidas para protexer o medio mariño.

Sabías que...?

Xela Arias, con apenas oito anos, xa vivira de preto outra catástrofe marítima na ría de Vigo. En 1970 o petroleiro noruegués **Polycomander** encallou á altura das illas Cíes e produciu unha importante vertedura de fuel ao mar. En 1992 Galicia sufriu outra catástrofe ambiental en forma de marea negra ao naufragar na costa da Coruña outro petroleiro, o **Mar Exeo**.



Xela Arias, comprometida dende sempre coas causas ecoloxistas, non dubidou en sumar a voz e a tinta para apoiar aquel movemento cidadán.

*Marea miseria invade global Galicia
Colleita inepta de intereses financeiros.
Burla negra.*

Alma de beiramar (2003)



A poeta poñía toda a esperanza dun futuro mellor para o medio natural nestoutro poema publicado na revista do instituto Álvaro Cunqueiro de Vigo, onde ela mesma estudara anos atrás:

*Os nenos escriben “nunca máis”,
Que non abunda.*

ACTIVIDADE

O *Prestige* encheu as praias galegas de chapapote, que é como se lle chama ao petróleo cru, antes de ser refinado. Preguntade na casa como lembran aqueles días tan tristes da nosa historia recente.

Despedímonos da Xela Arias máis activista coas palabras do seu propio fillo Darío, desexando que nunca falten mans para facer novas praias.

O que máis destaco de miña nai, ademais loxicamente do seu indubidable valor literario, é a dedicación e o fervor que puxo nas loitas sociais... Nunca Máis, por exemplo... a súa rebeldía política, o seu activismo a prol de calquera causa... Era unha rebelde con causa; con moitísimas razóns para a rebeldía.

Exposición *Aquela nena de Sarria*. 2021



REAL
ACADEMIA
GALEGA



Co apoio de



Deputación
DA CORUÑA